

Platón

➤ Antropoloxía e política

Introdución histórica

Platón é un autor pertencente á filosofía grega que vive entre o 427 a.C. e o 347 a.C., sitúase, polo tanto, na fin do prolífico século V a.C. ateniense e sofre a **Guerra do Peloponeso**, que supón a quebra da talasocracia ateniense, e outros conflitos que marcan a Hélade, coma a guerra de Corinto. Atenas terá neste século u tempo dourado marcado por un imperio talasorático marcado politicamente polos avances no sistema político dende tempos de Solón, Clístenes ou Efialtes, ata chegar á época de democracia máis consolidada de Pericles, onde a Asamblea de cidadáns vai ser o lugar central de discusión e de toma de decisións para a polis. Este sistema estará presente en outras cidades-estado autónomas, pero será en Atenas onde o esplendor sexa maior. Non podemos perder de vista estes feitos políticos para a comprensión da nosa cuestión/texto, pois Platón interpela directamente á súa situación sociopolítica nos seus escritos.

O predominio de Atenas tras a victoria fronte aos persas nas **Guerras Médicas** (499-449 a.C.) xerou desconfianza nalgúñas polis, que encabezadas por Esparta sen enfrontaron á Liga de Delos, comandada por Atenas. A Guerra do Peloponeso comeza no 431 a.C. e remata no 404 a.C. coa derrota ateniense, á cal sucede o **gobierno dos Trinta Tiranos**, un goberno de aristrocratas imposto por Esparta entre os que figuraban parentes de Platón coma Critias. No 403 a.C. **reinstaurouse a democracia** tras a revolta encabezada por Trasíbulo, que se resistira a Esparta na illa de Samos, pero a situación institucional non mellorou, como mostra a condena a morte de Sócrates motivada polos desexos de vinganza persoal. Este feito marcará a vida dos seus discípulos, especialmente de Platón, que abandonará temporalmente a cidade e se consagrará ao cultivo da filosofía en detrimento da política, malia a que anos máis tarde regrese para fundar a súa Academia, que permenecerá aberta ata o ano 529 d.C.

Platón, pois, vive tras a época de gloria ateniense, tras a construción do Partenón, tras a gran escultura de **Praxíteles** e **Escopas**, os grandes traxediógrafos **Sófocles**, **Esquilo** e **Eurípides**, o comediógrafo **Aristófanes** ou historiadores coma **Xenofonte**. Unha época de esplendor tamén da oratoria da man de **Isócrates**, **Lisias** ou **Demóstenes** e de esplendor da matemática, a astronomía e a medicina.

Polo tanto, é herdeiro da basta tradición grega, que dende o paso do mito ao logos viña apostando por un enfoque decididamente racional para aproximarse aos grandes problemas, como son os que aquí nos ocupan da realidade e do coñecemento.

Introdución conceptual

O devir histórico da Grecia clásica está marcado polo auxe de Atenas ao que nos referimos e, neste novo contexto, a filosofía vai abandonar por breve tempo a preocupación pola *physis* ou natureza e a centrarse no ser humano, tanto dende un punto de vista individual (antropoloxía), como colectivo (política). Durante o século de Pericles, pois, desenvólvense as ideas que cristalizarán en Platón e que marcarán a súa visión do ser humano e da cidade.

Denominamos este cambio de preocupación como “**xiro atropolóxico**” levado a cabo polos **sofistas e Sócrates**, onde á preocupación pola *physis* (natureza) sucédea a preocupación polo *nomos* (normas e costumes). Con Platón asistimos á primeira gran síntese da filosofía grega na medida en que ambas liñas de reflexión cristalizan e se desenvolven na súa obra.

Antropoloxía

A antropoloxía platónica consiste na visión do ser humano do filósofo ateniense, e garda unha forte conexión coa súa política, mostra da noción grega de que **o individual non é entendible sen o colectivo**.

Para comprender a antropoloxía e a política de Platón, temos que comezar coa súa **teoría das formas ou ideas**, que é o fundamento de toda a súa filosofía. Segundo Platón, o mundo que vemos cos nosos sentidos non é a realidade verdadeira, senón unha imaxe ou imitación da realidade verdadeira. A realidade verdadeira é o mundo das formas ou ideas, que son perfectas, eternas e inmutables. Cada cousa no mundo sensible é unha copia imperfecta de unha forma no mundo das ideas.

Esta visión platónica da realidade tamén se aplica ao ser humano. Aquí o ateniense herda a liña de Sócrates e Pitágoras que mesmo se remonta ao orfismo, pola cal **o corpo é unha sorte de cárcere para a alma**, que debe purificarse del. Segundo Platón, cada persoa ten unha alma inmortal que é a súa verdadeira esencia e que pertence ao mundo intelixible.

Sócrates, mestre de Platón, enfatizaba a importancia do coidado da alma sobre o corpo. Consideraba que a verdadeira esencia do ser humano radica na alma e que esta é **responsable da racionalidade e da moralidade**. Platón profundou neste concepto, argumentando na súa

obra "Fedón" que **a alma é eterna e inmutable, mentres que o corpo é transitorio e suxeito ao cambio** e a decadencia.

O **corpo**, para Platón, é a **parte física e mortal** do ser humano. Está composto polos elementos da terra e da auga, que o fan denso e pesado. A función do corpo é servir de **recipiente para a alma** durante a súa existencia terrenal. O corpo, con todo, é considerado inferior á alma, pois está suxeito ás leis da física, **ao cambio, á decadencia e finalmente á morte**.

Por outra banda, a **alma** é considerada como a **esencia verdadeira** do ser humano. É **inmaterial, inmutable e inmortal**, e ten a capacidade de **coñecer** as formas ou ideas eternas. Segundo Platón, a alma existía antes do nacemento e continúa existindo despois da morte, unha idea que remite á teoría da metempsicose de Pitágoras.

Ademais, Platón dividiu a alma en **tres partes**: a parte **racional**, a parte **irascible** e a parte **apetitiva** ou concupiscible. Esta división pretende explicar a conducta humana e dende ela enténdese a ética e a política platónicas. A parte racional está situada na cabeza e é a encargada de coñecer e entender as formas. É a parte máis elevada e divina da alma, e segundo Platón, debería gobernar as outras dúas.

A parte irascible, situada no peito, é a responsable das emocións fortes como a ira e a valentía. Desempeña un papel importante na defensa da razón contra os desexos desordenados.

A parte apetitiva, situada no abdome, é a que busca a satisfacción dos desexos básicos e instintos. Aínda que é necesaria para a supervivencia, pode levar a comportamentos desordenados se non é controlada pola razón.

Podemos ver unha explicación desta concepción no **mito do áuriga**, onde a parte racional debe, coa axuda obediente da irascible, dominar á parte apetitiva para que a alma non se saia do camiño, como pretende esta última. Vemos, polo tanto, que para Platón, a vida virtuosa é a que se consegue cando a parte racional da alma goberna sobre as outras dúas, establecendo unha harmonía interna. Por contra, a vida viciosa é a que se produce cando as partes irascible ou apetitiva dominan a racional, dando lugar a unha alma desequilibrada e, porén, inxusta.

A antropoloxía platónica, polo tanto, ten importantes implicacións para a ética, a epistemoloxía e a metafísica. Ao enfatizar a superioridade da alma sobre o corpo e a importancia da razón e a virtude, Platón forneceu unha base filosófica para o desenvolvemento posterior da ética e da filosofía da mente no pensamento occidental.

Política

Esta antropoloxía platónica ten importantes implicacións para a súa política. Para Platón, **a cidade é como unha alma grande**, e cada cidadán é como unha parte da alma. Cada cidadán ten unha función específica na cidade, da mesma maneira que cada parte da alma ten unha función específica no individuo. Existe, pois, unha analoxía alma-cidade no pensamento platónico. En cada ser humano predomina unha parte ou función anímica, e ese predominio é o que o cualifica para encaixar nunha ou noutra clase dentro da polis.

Na *República*, Platón describe a súa visión da cidade ideal, que corresponde á alma xusta. Na cidade ideal, os **filósofos reis**, que corresponden á parte racional da alma, gobernan. Os **gardíans**, que corresponden á parte espiritual da alma, defenden a cidade. E os **produtores**, que corresponden á parte apetitiva da alma, producen os bens materiais que a cidade necesita. Cada clase cumpre coa súa función e non se mete nas funcións das outras clases. Isto é o que Platón entende por xustiza na cidade: que cada un faga o que lle corresponde.

Na súa política, Platón tamén fai unha **crítica das formas de goberno existentes na súa época**. Para Platón, a **democracia**, a forma de goberno de Atenas, é unha forma inferior de goberno porque permite que a parte apetitiva da alma, que debe ser controlada, goberne. A **tiranía**, a forma de goberno máis inxusta, corresponde á desorde e o desequilibrio da alma. A **aristocracia**, a forma de goberno ideal para Platón, é unha forma de goberno na que os máis sabios e virtuosos gobernan, correspondendo á parte racional da alma.

Ademáis, seguindo o modelo tripartito, debemos tratar as virtudes neste autor, pois a cada parte da alma ou a cada clase social corresponde unha delas, mentres que se se dan as tres, é dicir, se cada parte do todo se comporta de forma harmónica, emerxe a cuarta das que explicamos a continuación:

1. **Sabedoría** (ou prudencia): Para Platón, a sabedoría é a máis importante das virtudes e está directamente ligada á filosofía. A sabedoría implica a capacidade de distinguir o ben do mal e de tomar decisións razoables. Os filósofos, segundo Platón, son os máis sabios porque son capaces de contemplar as Formas ou Ideas, especialmente a Idea do Ben.
2. **Coraxe**: A coraxe é a virtude asociada aos gardíans da cidade na República de Platón. Os gardíans deben ser valentes e estar dispostos a defender a cidade. Porén, a coraxe non é simplemente física, senón que implica tamén a perseveranza moral na busca da verdade e do ben.

3. **Temperanza:** A temperanza é a capacidade de moderar os desexos e apetitos. Platón sostén que esta virtude permite ao individuo controlar os seus instintos e desexos máis baixos, para vivir dunha maneira equilibrada e harmoniosa.
4. **Xustiza:** A xustiza é a virtude que resulta do equilibrio perfecto das outras tres virtudes. No individuo, a xustiza manifesta-se cando cada parte da alma realiza a súa función apropiada sen interferir coas outras. Na cidade, a xustiza é a harmonía que se produce cando cada clase social (os filósofos-reis, os gardiáns e os produtores) cumpre o seu papel. [ISTO É MI IPORTANTE PARA UN DOS TEXTOS]

A súa teoría política ten tamén unha **dimensión cósmica**. Para Platón, o cosmos é un todo harmónico no que cada parte ten o seu lugar e a súa función. A cidade ideal é unha microcosmos que reflicte a harmonía do cosmos. Nesta cidade, cada cidadán, como cada parte da alma, cumpre coa súa función na harmonía do todo. A xustiza, a virtude suprema para Platón, é a harmonía do todo, tanto no individuo como na cidade e no cosmos.

Ao mesmo tempo, a teoría política de Platón é tamén unha **crítica das realidades sociais e políticas da súa época**. Na súa cidade ideal, non hai lugar para a desigualdade, a inxustiza ou a corrupción que observou na Atenas do seu tempo. A súa crítica da democracia como unha forma de goberno que permite o dominio dos apetitos baixos reflicte a súa preocupación polo carácter moral da vida política.

Finalmente, a política de Platón **non pode ser entendida sen a súa teoría do coñecemento**. Para Platón, o coñecemento verdadeiro non é o coñecemento dos obxectos sensibles, senón das formas ou ideas. Os **filósofos**, que son os únicos que poden alcanzar este coñecemento, son por tanto os máis aptos para gobernar.

Así pois, vemos como o contexto marcou a teoría platónica neste eido dun xeito definitivo. A **influencia de Sócrates** é evidente na visión platónica do filósofo-rei. O rexeitamento socrático da retórica demagóxica e o seu enfoque na virtude como coñecemento influíron na idea platónica de que só aqueles que coñecen o ben (os filósofos) deben liderar o estado. Aquí tamén se manifesta a crítica de Platón á democracia ateniense, considerándoa unha forma dexenerada de goberno onde os menos cualificados poden alcanzar o poder.

Pero non podemos ignorar o papel dos **sofistas**, os mestres do debate e da retórica na Grecia antiga. A súa capacidade para manipular a verdade e persuadir as masas representaba, para Platón, un perigo para a sociedade. A súa repulsa contra esta manipulación influíu na súa visión da política como unha tarefa para os sabios e virtuosos.

Finalmente, a influencia da **crise sociopolítica da época** de Platón (a Guerra do Peloponeso, a tiranía dos Trinta, a morte de Sócrates) tamén se fai notar na súa obra política. A súa teoría política reflicte a súa busca dunha alternativa á democracia ateniense, que via como corrupta e incapaz de promover a verdadeira virtude.

[O que ben a continuación, só se sobra tempo e de xeito sintético]

Repercussions da antropoloxía

Porén, tamén é importante ter en conta que a antropoloxía platónica foi interpretada e aplicada de diversas maneiras ao longo da historia da filosofía. Por exemplo, os neoplatónicos da antigüidade tardía, como Plotino, elaboraron as súas propias versións da teoría da alma de Platón, e filósofos cristianos como San Agustín máis tarde incorporaron elementos da filosofía platónica nas súas propias concepcións do ser humano e de Deus.

Repercussions da política

A visión política de Platón influíu moito no pensamento filosófico futuro, tanto na Antigüidade como na Modernidade.

Aristóteles, discípulo de Platón, foi un dos primeiros a criticar e expandir o pensamento platónico. Aristóteles rexeitou a teoría platónica das formas e, na política, cuestionou a viabilidade da cidade-estado ideal de Platón. Non obstante, a súa clasificación das formas de goberno (monarquía, aristocracia e democracia, así como as súas formas corruptas: tiranía, oligarquía e democracia mal aplicada) pode verse como unha extensión do pensamento platónico.

Durante a Idade Media, Agostiño de Hipona, un influente teólogo e filósofo cristiano, incorporou as ideas de Platón no cristianismo. A súa "Cidade de Deus" pode ser vista como unha versión cristianizada da República de Platón, onde a verdadeira cidade non está neste mundo, senón no céu.

Na época moderna, Platón influenciou moito a filosofía política. As ideas de Hobbes sobre o contrato social para evitar o "estado de natureza" caótico poden ser vistas como un eco da visión platónica do estado como un medio para o ben común. As ideas de Rousseau sobre a soberanía popular tamén son reminiscentes do filósofo-rei platónico.

Karl Popper, no século XX, criticou a política de Platón na súa obra "A sociedade aberta e os seus inimigos". Popper consideraba a utopía platónica como unha forma de totalitarismo que suprimía a liberdade individual.

En resumo, a política platónica tivo unha influencia considerable e duradeira no pensamento político. Tanto nas súas afirmacións como nas súas críticas, Platón configurou moitos dos debates centrais da filosofía política.

Versión do 21 de maio de 2023